

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

O VOCEIRO DE BAÑO

★ Limita cos concellos de:

Pontevedra, Droego, Catañón, Caldas de Reis, Cuntis e A Estrada.

★ Valga ten 34 cruceiros.

★ Pertence á provincia de Pontevedra, cunha extensión de 40 Km² e máis de 6.000 habitantes.



★ No seu río podemos pes-
car: Camprea, trouta, salmón,
anguía...

★ Na súa montaña hai moitos restos
arqueolóxicos: castros (A Roca do Castro),
Monte Castelo...), Petroglifos...

★ Temos dous praias fluviais:
en Vilarello e Valde.

★ Temos 5 prazos: Raso, Bouza, Carrandón, Casa de
Deán, Méndez Núñez, Seateiz.

Subencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística

CEP DE BAÑO-XANXA

CURSO 2006-2009
nº 21

OLA A TODOS E TODAS.
AÍNDA NON TEÑO NOME, PERO DE TÓDOLOS
XEITOS, PERMITÍDEME QUE ME PRESENTE.
SON A NOVA MASCOTA DA BIBLIOTECA DO CEIP
DE BAÑO-XANZA.
COMO PODERDES VER, ESTAREI PRESENTE EN
MOITAS DAS ACTIVIDADES QUE PODEDES
ATOPAR NO DVD DESTE ANO.



POR CERTO, NON
ESTARÍA MAL QUE
FÓRADES PENSANDO
NALGÚN NOME QUE ME
FAVOREZA, JEJEJE

UN ANO MÁIS, EDITAMOS "O VOCEIRO DE
BAÑO" MAIORITARIAMENTE EN FORMATO
DIXITAL. AGARDAMOS QUE DISFRUTEDES
CO RESULTADO FINAL DOS TRABALLOS
REALIZADOS AO LONGO DESTE CURSO QUE
XA REMATA.

APROVEITAMOS ADEMÁIS PARA DAR A BENVIDA AO
NOVO ALUMNADO, E DESEXARLLES MOITÍSIMA SORTE
AOS QUE MARCHAN PARA O INSTITUTO. AGARDAMOS
QUE SAQUEDES MOITO PARTIDO DESTA NOVA
AVENTURA

DURANTE MOITOS ANOS, O ALUMNADO DESTE CENTRO APRENDEU A DICIR
HELLO AND GOOD BYE CO "TEACHER" SANTIAGO PROL...POIS BEN, CHEGOU O
MOMENTO DE DESPEDIRNOS DEL, XA QUE A PARTIRES DO ANO QUE VÉN,
IMPARTIRÁ AS SÚAS LESSONS NOUTRO COLE.

TAMÉN DICIMOS BYE BYE A DÚAS MESTRAS; ANA LOSADA E MARTA COSTAS.
ANA ESTIVO CON NÓS ESTES DOUS ÚLTIMOS ANOS E MARTA COMEZOU CON
NÓS A SÚA CARREIRA.

MOITA SORTE AOS TRES, NAS VOSAS NOVAS ANDAINAS!!!

PERO XA SE SABE, CANDO UNS MARCHAN VEÑEN OUTROS , ASÍ QUE...
...HELLO A TODOS OS NOVOS COMPAÑEIROS E WELCOME AO NOSO COLEXIO.

ÍNDICE**LIMIAR:** _____ **3****CELEBRACIÓNS:**

- **O MAGOSTO** _____ **4**
- **O SAMAÍN** _____ **6**
- **O NADAL** _____ **8**
- **DÍA DA PAZ** _____ **9**
- **ENTROIDO** _____ **10**
- **A MULLER TRABALLADORA** _____ **11**

BIBLIOTECA ESCOLAR:

- **PROXECTOS** _____ **12**
- **A FAMILIA PINGA** _____ **13**
- **A BIBLIOTECA** _____ **14**
- **PREMIOS** _____ **15**

RADIO VALGA: _____ **19****A NOSA LINGUA:**

- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** _____ **22**
- **AS REGUEIFAS** _____ **23**
- **RECITAL POÉTICO** _____ **25**
- **O TABOLEIRO** _____ **27**
- **A ANPA** _____ **28**

O NOSO CONCELLO:

- **AS CINCO PARROQUIAS** _____ **29**
- **A BATALLA DE CASAL DE EIRIGO** _____ **30**
- **SENÍN NO PASADO** _____ **31**
- **CREBACABEZAS** _____ **32**

COLABORACIÓNS:

- **A SEÑORA MARUJA** _____ **33**
- **O TRIGO** _____ **35**
- **A NOSA COCIÑEIRA** _____ **37**

DEPORTES:

- **FÚTBOL** _____ **38**
- **BALONCESTO** _____ **41**
- **REMO** _____ **42**

LIMIAR

Somos tres alumnos de 6.º. O noso paso polo colexio foi moi rápido. Entramos en Baño con seis anos, e con moita vergoña, pero a mediana que pasaba o tempo, fomos perdendo. Pouco a pouco tivemos amigos cos que xogar, falar, contarlle os segretos,...

Segundo pasaban os cursos, as cousas eran máis difíciles e os profesores cada vez eran máis estrictos cos deberes, as notas...

Así chegamos a 6.º, neste curso 2008-2009.

Pensamos que o colexio necesita algunhas reformas; ademais foi galla un comedor máis grande e debería ter unha cafetería e un salón de actos.

No próximo curso estaremos xa en 1.º da ESO., no IES de Valga; temos moitas ilusións pero con medo ao cambio: máis profesores, máis materias e máis horas de clase, e porque seremos os máis pequenos de todos.

Aos nenos e nenas que quecan pedímoslles que se esmeren nos cursos seguintes, que respecten aos profesores e que coíden o cole.

Pídennos que agardemos a Radio Valga, ao Concello, á Anpa, e a Axentiva a súa disposición á colaboración co Colexio

MAGOSTO 2008Os NOSOS MAIORES : A TRADICIÓN ORAL

O día 14 de novembro celebramos no colexio o magosto. Primeiro houbo unha sesión cos maiores; así, ao longo da mañá, e repartimos en tres

grupos. Os nenos do noso

cole escoltaron aos

maiores da Asociación

Axentiva do Concello de

Volgar que de xeito

voluntario e gustosos,

vixeron a contarnos contos,

anécdotas, lendas, cancións e aspectos

da vida da súa nenez. Javier, Andrés e

Vanesa foron os nenos de 6º que fixeron as presentacións

de xeito fenomenal.

Moncho: contounos o conto da pita, orato que se atopara

con outro orato e tamén os xogos de antes (aveo, trompo, ...).

Fidel: contounos unhas cancións, tamén nos contou uns contos.



ROBERTO EIRAS 4ºA

CELEBRACIÓN**"O MAGOSTO"**

Esther: conta a anécdota que lle pasou na Illa de Arousa.

E contos.


Ezurdina: falounos dunha señora de Casures que vendía castañas, que daquela pasábase moitas privacións, dos castigos que poñían nas escolas. Tamén contou unhas cancións galegas.

Herminia explicounos como se comían as castañas, tamén nos contou varias contos.

Hermitas falou como se traballaba o millo antes, todo á man.

e dos traballos que se pasaban

CRISTINA SANTIAGO 4ª

O MAGOSTO

BRAIS OTERO 4ª

Despois os nenos e as nenas do colexio

pudemos disfrutar nese día de moitos tipos de xogos: da ra, da chave, da cadeira, os zancos os aros ou meter castañas no

BURATO - CASTAÑA.

Asáronse castañas que trouxeron os nenos e nenas do cole e todos comemos ata fartarnos.

CANDELA RODRÍGUEZ 4ª

AXENTIVA :OS NOSOS MAIORES



Temos que agradecerlle á Asociación **Axentiva** a súa desinteresada colaboración para vir a falarlle aos nenos e ás nenas do noso colexio, o día 14 de novembro, cando celebramos o magosto.

Hipólito, Moncho, Fidel, Esther, Erundina, Bienvenido, Herminia, Hermitas, Elías...**MOITAS GRAZAS!!!**



SAMAÍN



Como o ano pasado o curso comezou co concurso-exposición de cabazas. Para iso primeiro se explicou nos corredores do cole como decorar cabazas, e algunhas historias típicas destas data nas que a Santa Compañía está tan presente...

A compañeira Tamara Pereiras explicou por qué se usan cabazas como lanternas estes días, e despois da votación do equipo directivo, o equipo de cociñeiras, a coidadora Ruth, Dna. Maruja, e equipo de actividades extraescolares repartíronse os agasallos. Este curso 2008-09 houbo moita e moi boa participación, por iso foi moi difícil decidir os gañadores/as.



NADAL no BAÑO-XANZA



Senín e o Sixto, tamén San Miguel, a terra de Valga que bonita é!

Esta foi a canción máis repetida do festival de Nadal no CEIP de Baño-Xanza do curso 2008-09. Os rapaces/as de 3ºB entoaban esta canción despois dea chegada das súas Maxestades os Reis Magos de Oriente. antes cantaron os pequenos de Infantil, de 3ºA, a obra de teatro de 2ºA, e o complicado Acrosport do alumnado de 5º e 6º. Pero en Valga, como os nenos e nenas se portaron moi ben non só querían felicitarlle as festas os Reis, tamén veu Papá Noel!!! Vaia sorpresa!!!!

Foi un festival moi bonito, e moi ameno presentado por Xacobe Barreiro 6ºA e Ana Otero 5ºB.

Por certo, mirade a felicitación deste ano; é obra de Alex del Río de 1ºA.



Aquí tedes algunhas fotos para que vexades o ben que o fixeron todos e todas, e o decorado tan bonito que tiñamos.



"QUE O VENTO LEVE OS NOSOS DESEXOS DE PAZ"

O venres 30 de xaneiro celebramos no CEIP Baño-Xanza o DÍA DA PAZ. Cada ano esta celebración é especial, pero este ano quizabes máis. Antes desta data tan sinalada todos os rapaces e rapazas fixeron unhas paxariñas de papel, cada unha destas paxariñas representaba un desexo. Os alumnos/as colocaron as súas paxariñas nun muíño de vento, para que coas súas aspas levase os nosos desexos de paz a todos os lugares do mundo.



Tamén os compañeiros Sonia Tarrío e Andrés Álvarez de 6ºB leron unha historia, a de Sadako Sasaki, que foi a lenda que inspirou á nosa celebración.



Feira medieval

20 de febreiro

Orellas 1 XANZO!

Filloas 2 XANZOS!!!

Valga na Idade Media, cabaleiros e damas, trobadores, bufóns, atentos todos na corte que a festa está apunto de comezar!

Este ano tiramos a casa pola ventá e preparamos unha feira medieval como ten que ser, co seu Mesón, tendas de figuras de barro, caixas decorativas de madeira, medallóns, froitas e verduras. Houbo baile, houbo música, trueque, Rei e Reina, e como sempre dous grandes presentadores: José Antonio e Laura de 6ºB.



Pero nun Entroido non pode faltar o Meco, o do noso centro chámase... ou chamábase... Xanzo. Dende o luns 16 ata o xoves 19 de febreiro tanto el como todos no centro nos vestimos con:

Luns 16: gravata

Martes 17: chaleco

Mércores 18: ollo pintado

Xoves 19: pucho

Como era de esperar... á volta de vacacións, Xanzo pasou pola fogueira... se cadra o ano que ven teña máis sorte...




CELEBRACIÓNS "O DÍA DA MULLER"

DÍA DA MULLER – POLA IGUALDADE.

Este curso 2008-09, para celebrar o día da muller (8 de marzo) que mellor que recuperar a figura das patifas, tan cercanas na nosa comarca. As patifas foron mulleres que recorrían A Estrada, Boqueixón, Vedra, Santiago, Valga, Cesures... vendendo peixe en burro ou a pé.



Asemade, quixemos homenaxear ás mulleres traballadoras do noso centro. Para iso os/as alumnos/as que quixeron trouxeron estas fotos.



BIBLIOTECA ESCOLAR "PROXECTOS"

Este ano tivemos moita sorte.

Grazas ao PLAMBE, puidemos facer moitas cousas interesantes. Queremos recordarvos algunhas.



Puxemos novos andeis, mesas, ordenadores, proxector de vídeo, pantalla, alfombra para os pequenos...só falta pintar e poñer un chan novo...quizais o ano que ven.

As actividades que se realizaron, gustáronvos...?





Pediremos máis mochila viaxeiras. Queredes?

O máis divertido foi o traballo "Mergúllate no río da lectura". Foi moi longo, pero ao final os resultados son espectaculares. Poderedes comprobalo facendo as actividades que van no DVD da revista.



Río Valga: Unha corrente de vida. PowerPoint e actividades multimedia educativas



Actividades multimedia sobre o ciclo biolóxico da anguía



Actividades multimedia sobre Rosalía de Castro

Grazas a todos/as polo tempo dedicado. Seguiremos divertíndonos lendo na biblioteca.

A FAMILIA PINGA



34 E 5 ANOS

A NOSA BIBLIOTECA


Esta no colexio, na planta baixa e na parte de atrás.

É grande e espaciosa.

Vou a ler, colleo libros para a casa, vezo a tele, vezo películas na pantalla e facexo actividades como o xadrez e o parchís.

Tamén colleo libros que me gustan como os cómics, contos, poesía e libros de manualidades.

Gustaríame que houbera máis libros de manualidades.



Sulian 38


GÚSTAME LER

Cando me deron o premio
fíxome moita ilusión e recibino
con moita ledicia.

Cos libros aprendes moito e
coñeces moitas cousas
como dragóns, fadas,
cascudas,...

Agora vouvos facer un debuxo.

Espero que vós guste.



23 DE ABRIL - DÍA DO LIBRO

GÚSTAME LER




O outro día recibín un premio por ser a que máis le da miña clase.

Estou moi contenta.

Regaláronme dous libros moi bonitos.

Penso seguir lendo porque é divertido.

Almudena 3º A



LEMOs MOITO

Cando recibín o premio de mellor lectora estaba moi contenta porque nunca ganara ningún premio. O que máis me gusta ler son os contos escritos en galego. Na casa teño doce libros e só teño un un castelán. A min gústame estar na biblioteca e tamén xogar. Eu, cos libros aprendín moitas cousas: a non mentir, a perdoar....

BIBLIOTECA



Vanessa Sánchez Pardo
5º B

LE MOS MOITO

NENOS E NENAS PREMIADAS POLA SÚA AFECIÓN Á LECTURA



PABLO 1ºA



FABIÁN 1ºB



AINHOA 2ºA



JUAN CARLOS 2ºB



ALMUDENA 3ºA



LIDIA 3ºB



CANDELA 4ºA



ADRIÁN 4ºB



NOELIA 5ºA



VANESA 5ºB

TAMÉN: PAULA BUSTO CHENLO 6ºA
NOEMI GARCÍA GRELA 6ºB

"A RADIO DOS NENOS"

Queridos amigos : convidáronme a escribir unhas letras no voso voceiro e para min é un pracer. Son Héctor Bermúdez, director de Radio Valga (se queredes escoitarnos, xa sabedes no 107.4 da FM) e ademais tamén locutor nos programas musicais e deportivos. Queríavos contar que polos nosos estudos pasaron uns nenos do voso colexio para facer un programiña sobre o noso Concello e descubríronos moitos dos encantos que ten Valga. Foron uns poucos minutos pero podo estar tranquilo porque o día que non esteamos aquí temos rapaces que no futuro seguro que poden seguir facendo radio en Valga. Tamén quería convidarvos a que aproveitades este medio de comunicación para coñecelo, e porque non, para dar os vosos primeiros pasos nun medio no que tendes as portas abertas. Felicitar aos participantes que o fixeron realmente ben e un conselliño: Se queredes ser xornalistas empezar o antes posible a prepararvos porque o tempo non chega a nada. Radio Valga é de todos e tamén queremos que sexa a radio dos nenos. Saúdos amigos e amigas.



Héctor Bermúdez

@S NEN@S QUE PARTICIPARON NAS GRAVACIÓNS :

- 1º A : *Sara Abalo chico, Pablo Albéniz Galán,
Sofía Azidane Chenlo, Martín Calvo Blanco.*
- 1º B : *Adrián Millán Grela, Manuel López Oliveira,
Javier Martínez Senín.*
- 2º A : *Carla Rodríguez Piñeiro, Fátima Jamardo Pérez,
Alejandra Castiñeiras Seco, María Gil Pérez,
Ismael García Cores, Adrián Abuín Pérez.*
- 2º B : *Rebeca Pereira Perol, Nerea Abuín Pérez,
Zoraima Mª Rodríguez Touceda, Javier Remiseiro Bello,
Blas Ríos Bello, Anabel Villamarín Montero.*
- 3º A : *Andrea Carlés Barreiro e Álvaro Eitor Sumay*
- 3º B : *María Freiría Pardal e Paula Mª Grela Portas*
- 4º A : *Candela Rodríguez Devesa e Jonathan G. Gil Simón*
- 4º B : *Iván Sanmiguel Lorenzo e Brais García García*
- 5º A : *Sara Barros Álvarez*
- 5º B : *Ana Otero Losada, Juan M. Piñeiro Troás e Julia Viqueira Valero*
- 6º A : *Xacobe Barreiro Turnes, Javier Carballo e Vanesa Carril Lustres*
- 6º B : *Andrés M. Álvarez Constantino*

A MÑÑA EXPERIENCIA NA RADIO

No noso cole xurdiu unha cousa inesperada, díxonos o profe que dous nenos e dúas nenas ían ir a Radio Valga. Eu púxenme ilusionada, porque pensaba que me tocaría, e así foi. E dixeran: "Que ben, sou a Radio Valga". E despois o profe decidiu a que hora podíamos ensaiar e de repente, bingo!

pode ser na hora do recreo.

E dixemos, perfecto!
E despois de tanto ensaiar, fomos e era un sitio máis ben pequeno, pero chegaba ben. Eu púxenme nerviosa, pero tranquiliceime e falei... Cando acabamos díxime de conta que era todo grabado; pero si tivera que facelo como Héctor ou Lidia, que faría? No me abrenvería. E



como o fixemos tan ben, o profe invitounos a unha pastelería e todas as cousas dali tiñan boa pinta, pero eu elixín unha palmeira e de beber, auga.

María Freiría Parcial 3ºB

Paula M^a Grela Portas 3ºB

A MIÑA EXPERIENCIA NA RADIO


Despois de tanto ensaiar chegou o día, foi un día extraño, porque ademais, tiña un exame de Lingua. Á hora convida dirixímonos a na á Radio, todo era novo e excitante para min. O que máis me chama a atención é como aproveitan tan ben o espazo. Tanto Héctor como Lidia foren encantadores. Foi raro escitar a miña voz, non parecía eu!!

Creo que sería unha boa locutora de Radio coma Lidia, é porque me encanta falar. O resultado creo que estivo moi ben.

Eu esciteino cos meus pais, pero seica que tivo moita audiencia. Toda a miña familia a escitou, a ver se tiña fallos, je, je.

Supoño que as familias e amigos dos meus compañeiros o escitaran, Parecía moi curto

Podería ser "guai" facelo en directo. Non sei se o podería facer tan ben coma Héctor ou Lidia, pero teño moitas ganas.




Candela Rodríguez Devesa. 4º A

17 DE MAIO: DIA DAS NOSAS LETRAS

Este ano dedicóuselle o Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro López, galeguista, filósofo, escritor, ensaísta, tradutor e activista político-cultural. Ramón Piñeiro nace en Láncara, (Lugo) e falece en Santiago de Compostela no ano 1990.

Ten moita importancia na súa loita por impulsar a normalización do galego, nos anos difíciles da posguerra. Escribiu obras de filosofía e traballos de lingüística. Foi un dos fundadores da editorial Galaxia e da revista Grial. Trátase dunha das figuras históricas do galeguismo do século XX, daíre para conseguir a continuidade deste, trala Guerra Civil Española.



Samuel	Blanco	Calviño	4º B
Antía	Varela	Río	4º B

AS REGUEIFAS



O DÍA 12 DE MAIO VIÑERON AO NOSO COLEXIO LUIS O CARUNCHO E PINTO D'HERBÓN, A IMPARTIR DOUS OBRADOIROS, UN PARA OS DE SEXTO E OUTRO PARA OS DE QUINTO. MÁIS TARDE OFRECÉRONLLES UN RECITAL DE REGUEIFAS AOS NENOS E NENAS DE TERCEIRO E CUARTO. XACOBE BARREIRO, SARA BARROS, ANDREA GRELA E LAURA SÁNCHEZ, MANTIVEMOS CON ELES UNHA ENTREVISTA, ONDE EXPLICAN A IMPORTANCIA DE STA MANIFESTACIÓN ORAL, E A LABOR QUE ESTÁN A REALIZAR NO SEU ESPALLAMENTO POR TODA GALICIA.



CANDO E COMO VOS XURDE A IDEA DE REGUEIFAR?

EU EMPECEI NO INSTITUTO, PARTICIPANDO NOS MAIOS, IMPROVISÁBALLE COPLAS AOS MESTRES.

EU NUNHA COMIDA EN VIGO, CON PINTO.



DÍN QUE A REGUEIFA É UN DOS MELLORES SÍMBOLOS DA CULTURA POPULAR GALEGA PODERÍAMOS DEFINIR A REGUEIFA COMO UN CANTO IMPROVISADO BASEADO NA LOETA POÉTICA?

A REGUEIFA É UNHA CONTROVERSIA ENTRE DÚAS PERSOAS A TRAVÉS DUNHA ESTROFA CHAMADA COPLA.



CANTAS SÍLABAS MIDEN OS VERSOS NAS REGUEIFAS? E CANTOS VERSOS?

COMO XA DIXEMOS A ESTROFA QUE UTILIZAMOS É A COPLA, ESTROFA DE CATRO VERSOS DE OITO SÍLABAS.



E A RIMA DA REGUEIFA?

NA REGUEIFA TEÑEN CABIDA OS DOUS TIPOS DE RIMA QUE EXISTEN, ASONANTE E CONSONANTE.



CAL É A DIFERENZA ENTRE O RAP E A REGUEIFA? PODEMOS DICIR QUE A REGUEIFA NACE NO RURAL E O RAP DA CIDADE?

UNHA DIFERENZA PODE SER ESA MESMA; OUTRA É QUE O RITMO DA REGUEIFA É MÁIS ENCORSETADO (TEN UN TEMPO DEFINIDO) E O RAP É MÁIS LIBRE.



QUE INSTRUMENTOS MUSICAIS SE USAN NA REGUEIFA?

OS VELLÓS NINGÚN. NÓS ACOMPAÑÁMOLA CON GAITA, ZANFONA E OUTRAS VECES CON PERSIUÓN. LEMBREMOS QUE OS TROBADORES FACÍAN UNHA ESPECIE DE CONTROVERSIA ACOMPAÑADOS POLO CITOLÓM (INSTRUMENTO DE CORDA).



ESTA SE RECUPERANDO A REGUEIFA?

ESTÁ EN MELLORES CONDICIÓN S E TEN MÁIS USUARIOS CA FAI DEZ ANOS.

A NOSA LINGUA

"AS REGUEIFAS"



E CERTO QUE BERGANTIÑOS É A BISBARRA DE GALICIA ONDE SE MANTÉN MÁIS A TRADICIÓN DA REGUEIFA?

DESDE LOGO BERGANTIÑOS ESTÁ CONSIDERADA COMO A COMARCA ONDE A REGUEIFA SE CONSERVOU DEICA HOXE



HAI INTERESE NA XUVENTUDE POLA REGUEIFA?

A XUVENTUDE TEN INTERESE POR TODO AQUILO QUE LLE REPORTE DIVERSIÓN E DESINHIBICIÓN, E A REGUEIFA TEN ESAS CARACTERÍSTICAS



QUEN AMOSA MÁIS INTERESE, OS RAPACES OU AS RAPAZAS?

OS DOUS XÉNEROS POR IGUAL.



FACEDES MOITOS OBRADOIROS NOS INSTITUTOS E COLEXIOS?

DENDE QUE EMPEZAMOS HAI NOVE OU DEZ ANOS, MÁIS DE 300.



EN QUE LUGARES ACTUADES?

COLEXIOS, FESTAS, CENTROS SOCIAIS, E DÚAS VECES NUN TEATRO (ELCHE E IBIZA).



TEÑO OÍDO QUE A "REGUEIFA" ERA UN PAN. É ISO CERTO? CAL É A ORIXE DA REGUEIFA?

A VERBA REGUEIFA VÉN DO ÁRABE "RAHIF" E SIGNIFICA PAN. POR ESE PAN PELEXÁBASE NAS VODAS, DE FORMA POÉTICA, PARA PODER PARTILO.



COMO PODEMOS AXUDAR A MANTER A TRADICIÓN DAS REGUEIFAS?

AMOSANDOLLO Á XENTE MÁIS MOZA. NON SE SABE O QUE NON SE COÑECE.



"AS REGUEIFAS AGUDIZAN O ENDEÑO, AXUDAN A AMPLIAR O VOCABULARIO E A PRACTICAR O GALEGO." SEGUE PENSANDO PINTO O MESMO HOXE?

COMPLEMENTAMENTE DE ACORDO !!!

Letras Galegas

. O día 15 de maio conmemoramos o Día das Letras Galegas no cole de Baño.

Para celebralo houbo na Biblioteca un recital poético. Cada curso recitou a poesía elixida no libro de poemas que entre todos elaboramos.

Empezaron os peques nunha primeira sesión. Eiras e Vanesa, os presentadores, foron nomeando as poesías e os cursos que as recitaban. Infantil comezou coa poesía "Tac, tactac" ¡cantos aplausos!



Sofía, Pablo e Sara de 1ºA continuaron coa poesía "Miña Santiña, Miña Santasa" de Rosalía de Castro. Os seus compañeiros de 1ºB: Iván, Alejandro e Lucía recitaron "O caracol".

Seguiron con outra poesía de Rosalía de Castro "Adios ríos, adios fontes" os alumnos de 2ºA representados por Ismael e Adrián.

Para rematar 2ºB ofrecéronos "Punver" recitado por Aida e Blas.

Nunha segunda sesión os alumnos de 2º e 3º ciclo viñeron preparados coas súas poesías. Recitan "Tres pitas brancas e un galo negro" alumnos de 3ºA e María e Javier de 3ºB ofrecéronos "No niño novo do vento".

"A cebola e o allo" e "Vindeo ver" son as poesías que recitaron respectivamente 4ºA e 4ºB.

Os veteranos do cole, 3º ciclo, comezan recitando "Campanas de Bastavales" tódolos alumnos de 5ºA e continúan Juan Manuel, Diego, Alba e Mª del Mar de 5ºB con "Tra-la piedra". Samuel en nome de 6ºA recita "Non lle digas nada a lúa" e finalmente Elizabeth, Guillermo e Noemí de 6ºB o fan con "Polas rúas de Tullis".

Sirva este recital de pequeno homenaxe do colexio de Baño á conmemoración do Día das Letras Galegas.



Tamara
Andrés
6ºB

O TABOLEIRO

Ao longo do curso 2008-09 ,no taboleiro da entrada do cole, algúns nenos e nenas expuxeron distintos aspectos,especialmente os relacionados co deporte : baloncesto e fútbol. Tamén se colocaron neste taboleiro outras informacións que facían referencia ao concello de Valga ou a actividades relacionadas coa nosa lingua.

No campo do deporte, e sobre fútbol puidemos ver crónicas que firmaban Jesús Martínez Souto, Kevin Méndez Romero, Brais Otero Casal ou Roberto Eiras González sobre os benxamíns do Cordeiro; Javier Martínez Bello, Borja Seco Rial e Sergio Rico Rodríguez sobre o Furia A.C. benxamín ; Juan M. Piñeiro Troáns sobre o Furia A.C. de alevíns...




No baloncesto, Sonia Tarrío Frecha agradounos coas súas crónicas sobre o equipo do Río Ulla que competiu na categoría alevín comarcal, acadando o segundo posto. Noraboa !!

Xacobe Barreiro Turnes e Javier Carbalo de Jesús tamén aportaron os seus comentarios .

Tivemos tamén a sorte de poder publicar a nova do 2º premio obtido pola alumna Iria Esperón Abril, no concurso literario "X Premio de relatos curtos e contos, Xaquina Trillo"

Os nosos parabéns Iria!!



A asociación de pais e nais do voso colexio, agradécevos este espazo na vosa revista.

Como todos vos sabedes, tivo lugar o día 15 de maio, a entrega de premios do concurso de debuxo e mailo de redacción do día das letras galegas.

Presentáronse 62 alumnos e esperando que o numero sexa maior para o ano que ven, os ganadores foron os seguintes.

De 3 anos: José Ángel Tarrío Souto

De 4 anos : Alex Tarrío Frecha

De 5 anos: Jennifer Sanmarco Santos

De 1ªA : Sofia Azidane Chenlo

De 1ªB: Adrián Millán Grela

De 2ªA: Carla García Piñeiro

De 2ªB: Nerea Abuín Pérez

De 3ªA: Andrea Carlés Barreiro

De 3ªB: María Freiría Pardal

Intercentros: Andrea Novo Agrafojo

De 4ªB: Antía Varela Río

Intercentros: Iván Sanmiguel Lorenzo

De 5ªA: Andrea Gestoso Castrogundín

De 5ªB: Alba García Gallardo

Intercentros: Julia Viqueira Valero

De 6ªA: Sara Barros Germiñas

Intercentros: Iria Esperón Abril

De 6ªB: Andrés Manuel Álvarez Constantino

E o premio especial da ANPA foi para: Beatriz Ferreiros Magariños.



O día 3 de xuño, comezou no colexio a exposición de pintura dos nenos de dita actividade, estará exposta ata o 18 de xuño.

Como sempre o final do curso, esperando que todos aprobarades, terá lugar no recinto do colexio, a festa da ANPA, no que estades todos convidados, alumnos e profesores.

Actos programados:

De 15:30 a 18:00 colchonetas, hinchables, dúas monitoras para facervos xogos, e unha merenda.

De 18:00 a 20:00: o show dos payasos (de Pontecesures).

O presidente da ANPA agradece o centro escolar, así como o seu director, a axuda prestada durante todo ano, así como a amabilidade que tivo sempre con esta asociación.




Miguel Ángel Abuín Noya, presidente da ANPA, moitas grazas.

O NOSO CONCELLO "AS CINCO PARROQUIAS"



A BATALLA DE CASAL DE EIRIGO

Os 25 e 26 de abril fixo os 200 anos que houbo a batalla e fixeron unha festa. E fixeron unha alarma. E había tenderetes de empanadas, cristais e colares... E trouxeron canóns de verdade e facían un ruído e veu a televisión e houbo a guerra no campo, o domingo cos da alarma de Casal de Eirigo e pelexaron.




David Pardal Martínez e Andrea Senín Blanco

3-B

SENÍN NO PASADO

Antes, en Senín había o ultramarinos de Isabel, onde podías comprar de todo. Tamén estaba a casa do veterinario onde se examinaban as vacas e outros animais como os cans e os gatos. E por suposto o Bar-Restaurante do Pasaro onde se botaban as partidas e se comía de todo: tapas, caldo, viño,...

Tamén estaba a barbería onde Don José o barbeiro, cortaba o pelo. A barbería tamén era tenda e taberna. Senín antes era a gloria, pero que xa non hai nada diso.



Xacobe Barreiro Turnes 6ºA

e
Sara Barros Gemiñas 6ºA

O NOSO CONCELLO

"CREBACABEZAS"

Os nenos e nenas de Infantil realizan o crebacabezas do noso concello.



ENTREVISTA A MARUJA

O Mércores, 13 de Maio, veu Maruja á nosa clase, os nenos e nenas fixémoslle unha entrevista sobre o seu traballo e contounos moitas cousas. Aquí vean as preguntas.

- Onde naciches?
Nacín en Louro, en Setecoros.
- Onde vives?
Vivo no Sixto.
- Como aprendiches a ser conserxe?
Aprendín no colexio. Antes fun coziñeira, limpei quincófanos, pavillóns, etc.
- Por que quixeches ser conserxe?
Porque me gusta e tiña que traballar.
- En que consiste o teu traballo?
Teño que abrir tódalas portas do colexio, facer fotocopias, repartir papeis, facer recados, facer o mantemento do colexio (revisar a calefacción, arreglar persianas, etc.) Tamén fago a limpeza do pavillón, preparo o xardín e colaboro tamén no comedor.
- Cantos anos levas no colexio e cantos che quedan?
Fai 12 anos para Setembro que estou aquí e aínda me quedan uns cuantos.

Moitas grazas Maruja!

1ºA

COLABORACIÓNS

"MARUJA"



A MALLA DO TRIGO

Na miña casa temos unha parcela moi grande onde todos os anos sementamos o trigo á mar. Chegado o mes de agosto, ven a colleita, e na miña casa chamamos a un home que ten unha máquina que paña e malla o trigo ao mesmo tempo que o separa. Hoxe en día, todos os traballos labregos os fan as máquinas, pero antigamente

estes traballos facíanse á man especialmente malla o trigo, que se facía cun artefacto chamado: "manle". A miña xeración xa non lembra eses tempos, pero o noso concello todos os anos por estes tempos organiza a actividade chamada: "Amalla do trigo", onde se malla o trigo coma nos tempos antigos,



está convidado todo o mundo. Así, as persoas maiores, recordan vellos tempos. Este ano tamén fomos convidados os alumnos do meu colexio e así puidemos facernos unha idea de como eran os tempos de antes de que nós nacéramos. A malla consiste en separar os grans de trigo da espiga. Doume a impresión de ser un traballo moi sincronizado e ao mesmo tempo divertido.

Samuel García Campaña 6ºA
e

Sara Barros Germañar 6ºA

A SEMENTEIRA

O alumnado de 5º curso, participou desta primeira fase, do proceso de elaboración do pan. A sementeira. No curso que ven, continuaremos a participar neste interesante proxecto, onde ademais de aprender e conservar as nosas tradicións, os rapaces poden afianzar e valorar as relacións humanas entre as diferentes xeracións e os alumnos doutros centros educativos.



A sementeira tivo lugar nunhas leiras na parroquia de Cordeiro.

Os nosos alumnos foron ven ataviados e preparados para poder realizar as diferentes labores que os maiores lles foron aprendendo.



Seleccionar o grao...

...cargalo no refaixo...



...espallalo pola leira...

...previamente arada por un bo par de bois....



...e rematar todo o proceso soterrando o grao cos sachos.



ENTREVISTA A LOLA (A COCIÑEIRA)

1) Cantos anos leva na
cocina deste colexio?
Levo 34 anos.


2) Ten algunha anécdota
graciosa dos seus anos
de experiencia?

Cando empezei a
traballar, non era coci-
ñeira. Un día estaban
botando o arroz pouco
a pouco, e a encargada
díxolle que se botaba
de golpe e entón fíxo
un paleiro.

3) Que comida lle gusta
cocinar máis e cal
menos?

Facer todas as comidas
en xeral. E a que menos,
o pavo con arroz, porque
mancha moito.

4) quen lle deu a idea
de ser cociñeira?
Sempre me gustou a cocinã



5) Algunha vez non vos deu tempo a facer a comida?
Algunha vez si, porque íbamos moi atrasados.

6) Se puides, que cambiarías?

Había que cambiar moitos cousas: A maneira de servir a comida e
tamén moitos pratos de comer...

7) Gústache traballar con música?

si, si que me gusta, pero non a podemos poñer, o ruído da cambota

8) Despois de cocinar que hobbie ten?

Gústame moito pasear, bailar, e tamén me gusta ir á horta,
á coller lechuga, tomate, cebolaa... etc.

(nenas, as de 5º A)

DEPORTES**"FÚTBOL BENXAMÍN"****FURIA A.C. TEMPORADA 08-09****CATEGORÍA: BENXAMÍN**

Ao longo da temporada divertímonos moitos. Acadamos 3 puntos no final, quedando de penúltimos. Gañamos un partido, perdemos 17 e empatamos 0. Temos que dicir que a actuación dos árbitros foi malísima, porque nos perxudicou moito.

Os titulares foron: porteiro Borja, lateral dereito Xavi, lateral esquerdo Ricardinho, no centro Angel e Lois e de dianteiros Sergio e Leandro. Ademais tiñamos 4 suplentes: Jonathan, Brais, Antonio e Brais Galán. Desprezamentos: A Ames, Cesures, Dubra, Dodro, Berta mirán, Tordeira e Bastavales.

O noso campo é o de Campaña. Tanto o público, como a directiva de Furia Opinon que se fixo todo o posible.



Borja (4º B), Sergio (4º B), e Xabier (3º B)

DEPORTES

"FÚTBOL ALEVÍN"

FURIA ATHLETIC CLUB 08/08
ALEVÍNS:

O equipo de alevíns do Furia A.C. acabou só 1 punto ao final do temporada, de xeito que quedamos de oitavos na clasificación xeral. En primeiro lugar quedou o Val do Ulla; 2º, o Dodro; 3º, o Cardeiro; 4º, o Cacheiras; 5º, o Escravitude; 6º, o Flavia; 7º o Portecesures. Soamente empatamos 1 partido e perdemos o resto. Somos 12 xogadores. No aspecto deportivo non nos sacaron tarxetas. Xogamos para meter goles pero non fomos capaz. Metemos uns cuantos goles pero perdemos os partidos. Os desprazamentos foron a: Cesures, Pazos (Padrón), Vechra e a Dodro. Os días de adestramento foron os martes e xoves desde as 17:00 ata ás 18:30.



Juan Manuel Piñeiro 5ºB

DEPORTES

"FÚTBOL ALEVÍN"


CORDEIRO C.F. 08/09 ALEVÍNS

A nosa categoría é alevíns. Nós acadamos 22 puntos. De 1º quedou o Val do Ulla, de 2º o Dodro, de 3º o Cordeiro, de 4º Cacheiras, de 5º Esclavitud, de 6º Elavria, de 7º Cesures e de último o Euvia.

Nos ganamos 7 partidos, perdemos 6 e empatamos 1.

Somos 6 xogadores: Xacolo leva o número 1, Yanik o número 5, Roi o número 11, Elías o número 6, Cristian o número 10 e eu o número 2. Os desprazamentos fixéronse a Cesures, a Dodro, a Esclavitud, a Iria Elavria, a Ponte Ulla, a Campaña e a Cacheiras.

Do noso equipo solo levei eu 1 amarela e non houbo ningunha vermella. Entrenamos os luns, mércores e venres de 6 h a 8 h da tarde. O presidente dixeróns que fixeramos un bo principio de tempada pero despois, o final, cometemos moitos erros.



Juan Manuel Touceda Touceda 5º B

DEPORTES

"BALONCESTO ALEVÍN"

RÍO ULLA

Baloncesto: Río Ulla

Categoría: Alevín

A liga deste ano foi moi interesante.

Na nosa categoría alevín somos once xogadores.

No longo desta liga acadamos un total de 250 puntos aproximadamente.

Alguns equipos contra os que xogamos foron máis duros coma o Arxil, o Pontevedra...


Outros, coma o Meco, Cortegada, Liceo, Cambados, resultaron máis doados.

Nos partidos os máximos encestandores foron o capitán Sergio, Antía, Lara...

Estes partidos sempre se xogan os sábados, domingos e algúns festivos nas polideportivos de Cesures e pavillóns municipais dos outros equipos.

No último partido contra Cambados houbo dúas expulsións: o capitán e Antía.

Houbo tamén varias técnicas para o banquillo, pero o adestrador está moi contento con nós.



Sonia Tarrío Freche CB

DEPORTES

"REMO"



Por primeira vez , recibimos a invitación por parte do Club Náutico de Pontecesures de levar a cabo con eles unha unidade didáctica que tiña como fin dar máis alternativas de lecer así como a posibilidade de coñecer este deporte aos nenos e nenas de 6º curso de E.Primaria.

Nesta experiencia participamos varios centros da zona coma o CPI de Pontecesures, o CEIP Flavia e o Rosalía de Castro de Padrón...

Temos que dicir que a experiencia non só foi positiva, senón que tamén resultou altamente motivadora e gratificante, tanto para os nenos/as coma para os mestres, deixando unha agradable sensación por poder darlle aos nenos/as unha opción máis de ter un estilo de vida saudable e a oportunidade de relacionarse con outros nenos da zona.



Se deciden unirse ao club coma xa decidiron facelo algúns, poderán coñecer novos sitios e nova xente nos desprazamentos aos distintos campionatos.